



CADERNO DIDÁCTICO
EDUCACIÓN PRIMARIA (2º CICLO)

ACTIVIDADE 1: Existen miles de animais diferentes, que para poder estudialos hai que agrupalos según unhas características comúns. Un tipo de clasificación baséase nunha característica moi importante, a columna vertebral (os ósos), aínda que hai outros aspectos que observar á hora de facer diferenzas entre os animais. Responde brevemente a estas dúas preguntas:

- a) Que son animais vertebrados?
- B) Que son animais invertebrados?

Une con frechas os animais que correspondan a vertebrados e invertebrados.

- Insecto pau
- Bolboreta
- Araña
- Lobo
- Miñoca
- Cervo
- Oso
- Águia
- Ra



ACTIVIDADE 2: A visita ao zoo comeza cunha frase que tendes que descubrir. Utilizando a primeira letra de cada palabra resolveredes o misterio:

Iguana-Mofeta-Oso-Serpe-Víbora-Elefante-Rá-Anaconda-Ibis-Marmota-Panteira-Oca-Rato-Tigre-Adax-Nécora-Cervo-Impala-Abella-Dragón-Ostra-Zarapito-Ornitorrinco-Orca-Narval-Avespa-Corvo-Osezno-Niala-Sapo-Estornión-Rinoceronte-Varano-Asubiador-Cebra-Íbice-Ovella-Negrón-Dromedario-Orix-Salamántiga-Axolote-Navalla-Isaú-Mono-Agulla-Insecto-Salmón.

Frase secreta:

ACTIVIDADE 3: Completa as frases:


1. Algúns réptiles como o lagarto camiñan con patas.
2. O emú non voa pero como unha moto.
3. O tigre vive na e o león na
4. Os anfibios adultos viven tanto na como na

ACTIVIDADE 4: Indica si son verdadeiras (v) ou falsas (f) as seguintes frases:

- As aves son ovíparas. ___
- As partes dun insecto son : cabeza, tórax e abdome. ___
- Os peixes non poden regular a temperatura do seu corpo. ___
- Os voires aliméntanse de carroña. ___
- A tartaruga é un anfibio. ___
- As arañas teñen 8 patas. ___

ACTIVIDADE 5: Os seres vivos aliméntanse uns de outros. Isto represéntase a través de cadeas ou pirámides de alimentación.

- a) Colorea estes grupos de animais e plantas.
- b) Completa a cadea alimentaria escribindo os nomes na orde correcta.



ACTIVIDADE 6: Atopa os 11 animais do zoo que se perderon nesta sopa de letras.




ACTIVIDADE 7: O 29 de Abril é o Día do Animal!!

Os animais son seres vivos igual que o ser humano. Por iso existe unha Declaración Mundial dos Dereitos dos Animais. Respetamos a un animal cando:

1. Protexemos e coidamos o seu hábitat e permitimos que estén en liberdade.
2. Se temos mascota debemos darlle os coidados necesarios de exercicio, alimento, médicos, etc.
3. Se buscamos unha mascota o mellor é adoptar un can ou gato. E **¡NUNCA!** debemos comprar especies exóticas.

Unha especie exótica é calquer animal ou planta que está fora do seu lugar de nacemento, por exemplo, loros, tartarugas, serpes, tarántulas, iguanas... traenos de outros continentes para vendelos como mascotas e xamais poderán regresar ao seu fogar.

¿Qué debemos e non debemos facer cos animais? Escribe na páxina seguinte o que cres que se debe facer e non facer cos animais.



Coller niños no bosque.

Darlle de comer aos gatos rueiros

Informarnos antes de comprar unha mascota.

Mercar unha iguana.

Non tirar lixo no campo.

Deixar as cacas do noso can na praia ou no céspede dun parque público

Tocar e darlle de comer aos animais salvaxes que viven en cautividade.

NON DEBEMOS


DEBEMOS

ACTIVIDADE 8: Os insectos están en tódolos lados; constitúen máis da metade de tódolos seres vivos no planeta.

Ata hoxe descubríronse máis de un millón de especies de insectos e épodes crer que hai moitos máis esperando a ser descubertos? Como podemos diferenciar un insecto de outro "bicho" que non o é? Pois contando as patas que sempre van ser 6; non teñen ósos pero a súa pel é moi dura e o seu corpo vai estar dividido en tres partes: cabeza, torax e abdomen. Na **cabeza** teñen os ollos, a boca e as antenas polas cales detectan olores e sons. As patas e as ás están pegadas ao **tórax**. E no **abdomen** teñen o aparato dixestivo, respiratorio e reproductor. Os insectos cumpren un **papel moi importante** na natureza; ao igual que os humanos, teñen gran variedade de traballos, por exemplo, son fabricantes de comida, recicladores, depredadores, fabricantes de seda, descomponedores, etc...

Colorea os insectos da páxina seguinte, según a clave e obsérvaos con atención:

Amarelo	→	Cabeza
Vermello	→	Tórax
Verde	→	Abdomen
Azul escuro	→	Patás
Azul claro	→	As
Marrón	→	Antenas
Negro	→	Ollos
Laranxa	→	Boca



ACTIVIDADE 9: Completa o seguinte cadro:

	Tigre	Águia	Tartaruga
ESTÁ CUBERTO DE			
COME			
VIVE EN			
PERTENCE AO GRUPO			

ACTIVIDADE 10: A selva e a sabana son dous grandes biomas do noso planeta.

Un bioma é un conxunto de plantas, animais e humanos agrupados nunha zona do planeta que ten un clima determinado.

Pon con frechas a cada animal no seu bioma:



León Tigre Serpe Mono
Panteira Cebra Rinoceronte

